

Polideportivo

a axenda



Mañá celébrase unha das probas máis concorridas da Provincia, na que tomarán a saída 220 ciclistas

OS RIDERS TOMAN A MEDELA

NATACIÓN - Hoxe

3ª Xornada Liga Galega de clubs

O Club Natación de Xove organiza na Piscina Municipal unha proba que reunirá a 90 nadadores. Polas puntuacións en xogo, trátase dunha cita decisiva de cara á clasificación final

GOLF - Hoxe

4ª proba do circuito de inverno

O Club de Golf de Lugo organiza esta competición na que participan 50 xogadores inscritos entre as categorías sénior, maior e xuvenil, sendo dez deles membros do club anfitrión

Partidos destacados

Hoxe 17:00 h. **BALONCESTO**
LIGA FEMININA 2 Durán Maquinaria Ensino - Avilés

Hoxe 18:30 h. **FÚTBOL SALA**
2ª DIVISIÓN Burela - Antequera

Mañá 12:00 h. **FÚTBOL BASE**
División Honra cadete CD Lugo - Deportivo

Mañá 19:00 h. **BALONCESTO**
LIGA EBA Estudiantes - Ourense B

BEISBOL - Hoxe

O Lume recibe a Os Tilos en sófbol indoor

Os cadetes do club lucense afrontan a segunda xornada a partir das 10:00 horas nun encontro que se disputará no centro educativo A Ponte



BILLAR

COMPETICIÓN BILLAR

CAT.	LOCAL	VISITANTE	DATA
LG 1ª	Omega Meira	Pingons	Hoxe
LG 1ª	Flama	Como Sempre	Hoxe
LG 1ª	6.9	D'Vuelta	Hoxe
LG 1ª	Dovalitos	Ponnos Outras	Hoxe
LG 1ª	Pingos	Bolita Nocturna	Hoxe
LG 1ª	Resurrection	Ferretería Elías	Hoxe
LG 2ª	Loureiros	Chámalle X	Hoxe
LG 2ª	Sagitario A	Tiempos	Hoxe
LG 2ª	Cantimploras	Congratulexion	Hoxe
LG 2ª	Patacas Novas	Mouchos	Hoxe
LG 3ª	2018	T. Modernos	Hoxe
LG 3ª	Tutxy Sport	Los Vene	Hoxe
LG 3ª	Siglo XXI	A.S.+	Hoxe
LG 3ª	Pool Monia	Pooleros	Hoxe
LG 3ª	O Braseiro	Bolita&Bolita	Hoxe
Ind. Tiempos	Juan C. Yanes	Alfonso Torreiro	Hoxe
Ind. Tiempos	Cande García	Alexander López	Hoxe
Ind. Tiempos	Diego Ramil	David López	Hoxe
Ind. Tiempos	Ares Rey	Israel Vila	Hoxe
Ind. Tiempos	Antonio Espiño	Miguel A. Goyanes	Hoxe
Ind. Carabelo	Azucena López	Marcos Yarela	Hoxe
Ind. Carabelo	Santiago Rguez	Ramón Quiroga	Hoxe
Ind. Carabelo	Jose Rey	Javier García	Hoxe
Ind. Carabelo	Victor M. López	Marcos Fdez	Hoxe
Par 1ª	Andrés/Díaz	Raposo/Edgar	Hoxe
Par 1ª	Victor/Álex	Jorge/Rubén	Hoxe
Par 1ª	Asier/Doval	Damián/Rubén	Hoxe
Par 1ª	Marcos/Chechu	Joaquín/Omar	Hoxe
Par 2ª	Open/Tiempos	Sam/Sam	Hoxe
Par 2ª	Amalia/Cazón	Borja/Ángel	Hoxe
Par 2ª	Mar/Jaime	Marcos/Pablo	Hoxe



HÓCKEY LIÑA

COMPETICIÓN HOCKEY LIÑA

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
L. Feminina	Brigantium	Lóstregos	Riazor	Hoxe 17:30h
L. Feminina	Alquimia	Lóstregos	Riazor	Hoxe 19:30h
L. Masculina	Cabuxos	A Guarda	D. Cordido	Mañá 10:30h
L. Masculina	Brigantium	Lóstregos	D. Cordido	Mañá 11:45h
L. Masculina	A Guarda	Lóstregos	D. Cordido	Mañá 14:15h
L. Masculina	Brigantium	Cabuxos	D. Cordido	Mañá 16:45h



BALONCESTO

COMPETICIÓN BALONCESTO

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
LEB Oro	Manresa	CB Breogán	Manresa	Mañá 19:00h
Liga Fem. 2	Ensino	ADB Avilés	Pazo	Hoxe 17:00h
EBA	Estudiantes	Ourense B	Pazo	Mañá 19:00h
EBA	Marín	CB Chantada	Marín	Hoxe 20:00h
1ª Div. Masc.	Estudiantes	Seis Nadal	Pazo	Mañá 12:00h
2ª Div. Masc.	Arteixo	CB Viveiro	Arteixo	Hoxe 18:00h
2ª Div. Masc.	Celtas Foz	Becerreá	Marzán	Hoxe 18:00h
2ª Div. Masc.	Sagrado C.	Maristas C.	Pazo	Mañá 17:00h
1ª Aut. Fem.	Seis Nadal	CB Sarria	Vigo	Hoxe 20:00h
2ª Aut. Fem.	Adro	Sagrado C.	A Coruña	Mañá 12:00h
2ª Aut. Fem.	Prone	CB Lea	Terra	Mañá 19:00h
3ª Div. Mas.	Bristol T.	S. Ciprián	A Coruña	Mañá 12:00h
3ª Div. Mas.	Fucobet	Terra Chá	Betanzos	Mañá 12:00h
3ª Div. Mas.	S. Cibrao	CB Sarria	S. Cibrao	Hoxe 16:00h
3ª Div. Mas.	Chantada B	Alaricano	Chantada	Hoxe 18:00h
3ª Div. Mas.	Xinzo	Porta XI	Xinzo	Hoxe 18:00h
Júnior Mas.	Obradoiro	Estudiantes	Santiago	Xoves 20:00h
Júnior Fem.	PBB A	Ensino	Porriño	Hoxe 12:00h
Júnior Fem.	Pío XII	Estudiantes	Santiago	Mañá 19:00h
Cad. Mas.	Tui	Estudiantes	Tui	Hoxe 18:00h
Cad. Fem.	Celta	Estudiantes	Vigo	Hoxe 16:00h
Cad. Fem.	Franciscanas	Ensino	Vigo	Mañá 17:00h
Inf. Masc.	Seis do Nadal	Estudiantes	Vigo	Hoxe 12:30h
Inf. Masc.	CB Ribadeo	Sigaltec	Ribadeo	Hoxe 12:00h
Inf. Fem.	Estudiantes	Celta	Anexo 2	Hoxe 16:00h
Inf. Fem.	Ensino	PBB A	Anexo 2	Hoxe 18:00h
Preinf. M.	Sigaltec	Estudiantes	Vilagarcía	Hoxe 16:00h
Preinf. F.	Estudiantes	Bosco	Anexo 2	Merc. 20:00h



CICLISMO



Mañá. San Ciprián RUTA DE ENDURO MEDELA

O club ciclista Medela de Cerro organiza esta ruta de enduro non competitiva que reunirá a uns 207 ciclistas de Galicia e Asturias. A proba, nas inmediacións do monte A Medela, consta de catro tramos cun desnivel acumulado de 1.300 metros. Os participantes saíran da Praza dos Campos de San Ciprián ás 9.30 h.



XADREZ

LIGA GALEGA POR EQUIPOS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	DATA
D. Honra	ELX Xaquedrum	Padrón A	Hoxe
D. Honra	Círculo Chantadino	Círculo de las Artes	Hoxe
1ª División	Macondo A	ELX Lugo Xadrez	Hoxe
1ª División	Sigras	Recatelo Guerreros	Hoxe
1ª División	Xadrez Narón	Recatelo Diversión	Hoxe
2ª División	Betanzos	ELX Fornos F. Valín	Hoxe
2ª División	Viveiro	Círculo Ferrolano D	Hoxe



TENIS DE MESA

COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	DATA
2ª Nacional	Naronense	CTM Milagrosa	Hoxe 16:00h
2ª Nacional	Arteal	Dez Portas	Hoxe 17:00h
1ª D. Galega	Ribadeo	San Ciprián	Hoxe 16:00h
1ª D. Galega	CTM Milagrosa	Dez Portas Porta	Hoxe 17:00h
1ª D. Galega	Viveiro TDM	Dez Portas Caixa	Mañá 11:00h
2ª D. Galega	Oleiros E	TM Ribadeo	Hoxe 16:00h
2ª D. Galega	Oleiros D	TM Ribadeo	Hoxe 18:00h
2ª D. Galega	Dez Portas	Narón	Mañá 10:00h
3ª D. Nacional	Ribadeo	Dez Portas	Hoxe 16:00h
3ª D. Nacional	Rábade	Narón	Hoxe 16:00h



FÚTBOL SALA

COMPETICIÓN FÚTBOL SALA

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
2ª Div. M.	Valdepeñas	Prone	Ciudad Real	Hoxe 17:00h
2ª Div. M.	Burela FS	Antequera	V. Alegre	Hoxe 18:30h
1ª Div. F.	Esplugues	CD Burela	E. Llobregat	Hoxe 16:00h
2ª Div. B.M.	Xove FS	Valladolid	M. Xove	Hoxe 16:15h
3ª Div. M.	Casás	P. de Borbén	P. Municipal	Hoxe 17:00h
3ª Div. M.	Vilalba FS	Bueu	M. Vilalba	Hoxe 19:00h
3ª Div. M.	A Estrada	Ribeira FS	M. Estrada	Mañá 12:00h
3ª Div. M.	Coruxo	Sta. Isabel	Coruxo	Hoxe 17:00h
3ª Div. M.	A Pontenova	5 Coruña	M. Pontenova	Mañá 11:00h
Xuv. Gal	Begonte	Poio	M. Begonte	Mañá 17:00h
Xuv. Gal	Meigallos	Áncora FS	N. Chanto	Hoxe 16:00h
Xuv. Gal	Vilalba FS	Redondela	M. Vilalba	Mañá 12:00h
Xuv. Gal	5 Coruña	Burela FS	A Coruña	Hoxe 17:00h
Cad. Gal	Hércules FS	Burela FS	A Coruña	Mañá 18:30h
Cad. Gal	Guitiriz	5 Coruña	M. Guitiriz	Hoxe 18:30h
Inf. Gal	Hércules FS	Burela	A Coruña	Mañá 17:00h
Inf. Gal	Stellae	Lumieira	Santiago	Hoxe 17:00h
Inf. Gal	Meigallos	Lugo Sala	N. Chanto	Hoxe 19:00h
Inf. Gal	Guitiriz	5 Coruña	M. Guitiriz	Hoxe 17:00h
Inf. Gal	Parrulo	Casás	Malata	Mañá 11:00h



GOLF

Hoxe. Club de Golf de Lugo. 4ª PROBA CIRCUITO DE INVERNO 2018

O Club de Golf de Lugo organiza a cuarta proba deste circuito galego que culminará coa Final que se disputará a vindeira fin de semana en Coruña. A proba conta con cincuenta xogadores inscritos das categorías Sênior, Mayor e Xuvenil, dez deles membros do club anfitrión.

A proba desenvolverase na modalidade 18 Hoyos Stableford Handicap. Os 15 primeiros clasificados hándicap conseguirán puntos - 24 para o primeiro e 2 para o décimoquinto- para sumar ao Ránking do Circuito de Inverno, que agora encabeza Manuel Brandariz do Club de Golf Chan de Fento.

A Federación Galega de Golf organizou o Circuito dacordo cos clubs para facilitar o adestramentos dos xogadores para os campeonatos de Galicia.



VOLEIBOL



Hoxe. San Sadurniño INTASA SAN SADURNIÑO- EMEVÉ

Rematada a competición regular, o Emevé xoga esta tarde o primeiro partido do Play Off de ascenso á SuperLiga Masculina contra o Intasa San Sadurniño.

O equipo lucense chega a esta fase decisiva da temporada co aval da excelente traxectoria na Liga, que rematou como primeiro clasificado. O seu primeiro rival, o Intasa San Sadurniño buscará o ascenso por segundo ano consecutivo, xa que o pasado tamén disputou os Play Off.

O conxunto feminino pecha hoxe a competición regular coa disputa da última xornada ante o Valladolid, que tentará fuxir do descenso. As lucenses chegan ao final sen presión, coa praza nos Play Off xa asegurada.

COMPETICIÓN VOLEIBOL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Superliga2 M	S. Sadurniño	Emevé	S. Sadurniño	Hoxe 19:30h
Superliga2 F	Valladolid	Emevé	Valladolid	Hoxe 18:00h



BEISBOL



Hoxe. Colexio El Punte. Lugo LUME - OS TILOS

O equipo cadete de Lume disputa a segunda xornada da competición de softball indoor contra o equipo compostelán despois de iniciar a temporada a pasada fin de semana con dous partidos contra o Cambre, cun balance dunha vitoria e unha derrota. Esta mañá, a partir das 10.00 horas, xogaranse no pavillón do centro educativo os dous encontros previstos para esta segunda xornada.

NATAÇÃO

Hoxe. Piscina Municipal de Xove
3ª XORNADA LIGA GALEGA DE CLUBS 2ª DIVISIÓN

O Club de Natación de Xove organiza na Piscina Municipal a 3ª xornada de liga de Segunda División, que reunirá 90 nadadores e nadadoras do C.N. Riveira, Marina Ferrol, C.N. Redondela, RCN Vigo, C.N. Arzuza e C.N. Xove. Trátase dunha xornada decisiva de cara á clasificación final polas puntuacións que están en xogo.

Durante o día celébranse, en distintas sedes, as terceiras e decisivas xornadas das ligas doutras categorías, con representación de diferentes clubs lucenses. O CN Portamiña e o Club Fluvial de Lugo, de División de Honra, competirán en Ourense, na piscina do complexo Rosario Dueñas.

ATLETISMO



Hoxe. Ourense
CAMPIONATO GALEGO DE PISTA CUBERTA SUB 16

Ás 16.00 h. dará comezo este campionato autonómico no que salienta a participación de varios deportistas lucenses.

Os atletas de Franciscanos Álvaro López e Iker González competirán na proba de 600 metros cunhas das mellores marcas - 1:29.34 e 1:29.54, respectivamente.

En pértega destaca a participación de Aitor Fernández da Atlética Lucense, que vén de saltar este ano 3.45 metros; interesantes duelos serán os que presenciaremos na lonxitude, con Carla Mourelle do Lucus Caixa Rural, que ten acreditados 5.15 metros.

En peso unha das favoritas para lograr medalla é Paula Piñón, do Atletismo Friol, inscrita cunha marca mínima de 11.37 metros.

Hoxe e mañá. Antequera
CAMPIONATO DE ESPAÑA PISTA CUBERTA SUB 18

O atletismo lucense tamén estará representado neste campionato a nivel estatal: os atletas da Atlética Lucense, Carlos Álvarez en 200 metros libres, Guzmán Carril e Lucas Lorenzo en 60 metros valados da Atlética Lucense, Sara Gómez en 60 metros libres e 60 metros valados e Sara López en 3000 metros; María Carballido de Atletismo Friol e Lucía López do Lucus en 800 metros.

LOITA OLÍMPICA

Hoxe. Gijón
CAMPIONATO DE ESPAÑA DE LOITA OLÍMPICA JÚNIOR E CAMPIONATO DE ESPAÑA DE LOITA SAMBO SÉNIOR

Galicia acode á cita nacional júnior con un total de 22 deportistas. 10 deportistas en Loita Libre Olímpica, 4 loitadoras en Libre Feminina, 6 deportistas en Loita Grecorromana, e 2 competidores en Loita Sambo.

A Provincia está representada nos combinados galegos por Roberto Díaz e Carlos Yobani, do Club de Loita de Vilalba, e Jonathan Pernas, do Club de Loita de Rábade, na modalidade de Loita Libre Olímpica; por Laura Álvarez, tamén do club de Rábade, en Libre Feminina. Adrián Imedio, do Club de Loita de Vilalba e Hugo García, do Club de Loita de Vigo son os únicos loitadores galegos na modalidade Loita Sambo.

Os deportistas competirán en 4 tapices oficiais de 12 x 12 metros, e estarán acompañados por 5 técnicos galegos. Como en anos anteriores, Galicia aspira a subir ao podio nas tres modalidades Olímpicas que se disputan esta fin de semana, e agarda tamén bos resultados en Loita Sambo.

Tras esta competición, e en menos de 7 días, a Federación Galega de Loita organiza xunto coa Federación Española no Concello de Pontevedra os Campionatos de España de Deporte en Idade escolar, así como os campionatos de España cadetes de Loitas Olímpicas.

BALONMÁN

COMPETICIÓN BALONMÁN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
1ª Aut. Mas.	BM Viveiro	Bueu	P. Viveiro	Hoxe 19:00h
2ª Aut. Mas.	BM Xallas	BM Lucus	Sta. Comba	Hoxe 20:00h
2ª Xuv. Mas.	BM Viveiro	Bueu	P. Viveiro	Hoxe 17:00h
2ª Cad. Mas.	Ribadosar	BM Lucus	Santiago	Mañá 10:30h

RUGBY

Hoxe. As Pontes de García - Rodríguez
FENDETESTAS - MURALLA

O Muralla Rugby da Liga Masculina de Segunda División xoga esta tarde a partir das 17.00 h. no Campo do Monte Medulio das Pontes de García Rodríguez unha das semifinais polo título, despois de rematar a competición regular na cuarta praza.

O equipo lucense medirase ao Fendetestas, que rematou a Liga líder con só unha derrota. En xogo está unha praza na final onde se disputará o Ascenso á Primeira División da Liga Galega de Rugby.

TAEKWONDO



Hoxe. Cangas
CAMPIONATO GALEGO PROMESAS

O taekwondo lucense estará representado nesta cita das categorías cadete, júnior, absoluta e veteranos, que reunirá case 300 deportistas e 33 árbitros pertencentes a clubs de toda Galicia.

O pavillón do Gatañal de Cangas acollerá o torneo, que comezará ás 09:00 horas coa competición absoluta e cadete e continuará ás 15:30 horas da tarde cos combates das categorías júnior e veteranos.

A cita ten como obxectivo prioritario a promoción do deporte base, darlle continuidade a deportistas que aínda non se incorporaron á selección galega e promover o salto de categorías.

FÚTBOL

COMPETICIÓN FÚTBOL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Liga 1-2-3	Córdoba	CD Lugo	Córdoba	Mañá 18:00h
3ª División	Alondras	RC Villalbés	Morrazo	Mañá 17:00h
Preferente	Órdenes	Castro	M. Órdenes	Mañá 17:00h
Preferente	Outeiro	San Tirso	A Fonte	Mañá 17:00h
Preferente	Polvorín	Dumbriá	A Cheda	Mañá 19:00h
Preferente	Residencia	Arzúa	A Cheda	Mañá 17:00h
Preferente	Dubra	Ribadeo	J. Baleato	Mañá 16:45h
Preferente	Betanzos	Viveiro	Betanzos	Mañá 16:30h
Preferente	Paosaco	Escarirón	Paosaco	Mañá 17:00h
1ª Aut.	Santabálles	Valle de Oro	A Liga	Mañá 17:00h
1ª Aut.	Riotorto	S. Ciprián	A Veiga	Mañá 16:30h
1ª Aut.	Lemos	O Páramo	A Pinguela	Mañá 17:00h
1ª Aut.	Ferreira	Taboada	O Balioño	Hoxe 17:00h
1ª Aut.	Sarriana	Xermade	A Ribela	Mañá 17:00h
1ª Aut.	Monterroso	San Roque	Cerdeiriños	Hoxe 18:00h
1ª Aut.	Chantada	Pastoricense	Sangoniedo	Hoxe 17:45h
1ª Aut.	Xove	Bóveda	M. Xove	Mañá 17:00h
1ª Aut.	Pontenova	Foz	A Mina	Mañá 17:00h

FÚTBOL

COMPETICIÓN FÚTBOL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
2ª Aut.	Roupar	Cospeito	O Novo	Hoxe 16:30h
2ª Aut.	Ourot	Candelaria	Trasvias	Hoxe 16:30h
2ª Aut.	Iberia	Lourenzá	As Valgas	Mañá 17:00h
2ª Aut.	Pol	Guitiriz	M. Luna	Mañá 16:30h
2ª Aut.	Burela	Meira	A Marosa	Mañá 16:30h
2ª Aut.	Matela	Alfoz	S. Lorenzo	Mañá 17:30h
2ª Aut.	Cabreiros	Mondoñedo	Da Cea	Hoxe 16:30h
2ª Aut.	Abadín	Folgueiro	M. Abadín	Hoxe 16:30h
2ª Aut.	MonterrosoB	Chantada B	Cerdeiriño	Hoxe 15:45h
2ª Aut.	Rubían	Castroverde	O Poste	Mañá 16:30h
2ª Aut.	Palas	Oural	Chacotes	Mañá 16:30h
2ª Aut.	Brollón	Milagrosa	Os Medos	Mañá 16:30h
2ª Aut.	Antas	Sta. Comba	C. Seoane	Hoxe 16:00h
2ª Aut.	Friol A	Portomarin	A Reigosa	Hoxe 17:30h
2ª Aut.	Becerreá	S. Lázaro	Becerreá	Mañá 17:00h
2ª Aut.	Chantada A.	S. Lucense	Sangoniedo	Hoxe 15:45h
3ª Aut.	Cervo	Sober	Bidueira	Hoxe 16:30h
3ª Aut.	Goiriz	Comercial	Ventiño	Hoxe 16:30h
3ª Aut.	Corgo	Fonsagrada	M. Corgo	Hoxe 17:30h
3ª Aut.	Catro Roldas	O Incio	A Canteira	Mañá 16:30h
3ª Aut.	Celeiro	Cazás	Cembedo	Mañá 16:30h
3ª Aut.	Friol B	Rábade	Reigosa	Hoxe 15:15h
3ª Aut.	Rioaveso	Barreiros	Paraños	Mañá 16:30h
3ª Aut.	Becerreá	A. Taboada	Becerreá	Hoxe 18:00h
3ª Aut.	Rio Sil	Quiroga	Carqueixa	Mañá 16:30h
3ª Aut.	Guntín	Paradela	Ladairo	Hoxe 16:30h

COMPETICIÓN FÚTBOL VETERÁNS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
V. local	Sagrado	Peñarol	A Ponte	Hoxe 17:30h
V. local	Albeiros	Montajes	A Cheda	Hoxe 16:00h
V. local	San Roque	Outeiro	L. Gorgoso	Hoxe 20:30h
V. local	Agor	Milagrosa	Rguez Lago	Hoxe 20:00h
V. local	Comercial	As Gándaras	Rguez Lago	Hoxe 20:00h
V. local	Ferrovial	Breña	Polvorín	Hoxe 20:00h
V. local	Corgo	Residencia	Rguez Lago	Hoxe 20:00h
V. local	Hostelería	O Picato	L. Gorgoso	Mañá 17:15h
V. local	Garabolos	R. Fraín	Rguez Lago	Luns 21:00h
V. Prov.	Abadinense	Castro	Celso Lamas	Hoxe 17:00h
V. Prov.	Sarriana	Cospeito	Ribela	Hoxe 18:00h
V. Prov.	Trasnos	Saavedra	Ribela	Hoxe 16:00h
V. Prov.	Pol	Gaios	A Fonte	Hoxe 19:00h
V. Prov.	Guntín	Momán	Ladairo	Mañá 11:00h
V. Prov.	Paradela	Becerreá	Gandarón	Hoxe 16:30h
V. Prov.	At. Illán	Sarria	Comiñeiros	Hoxe 17:00h
V. Prov.	Begonte	Lambruxos	C. Pacios	Mañá 12:00h
V. Prov. 2	Albense	Monterroso	C. Lamas	Mañá 11:00h
V. Prov. 2	Sarria	Montouto	Ribela	Hoxe 20:00h
V. Prov. 2	Codesido	Pastoricense	Casanova	Mañá 11:30h
V. Prov. 2	Santabálles	Sancobade	A Liga	Mañá 11:00h
V. Prov. 2	Rabadense	Parga	Rguez Lago	Hoxe 18:00h
V. Prov. 2	Rábade	S. Lázaro	A Fonte	Hoxe 17:00h

COMPETICIÓN FÚTBOL BASE

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
X. Honra	Alondras	CD Lugo	Cangas	Hoxe 17:00h
X. Honra	RC Villalbés	Aroasa	Roca	Mañá 12:00h
X. Nacional	Lugo B	Depor B	A Fonte	Mañá 12:00h
X. Galega	Bergantiños	Villalbés B	Carballo	Hoxe 18:30h
X. Galega	Viveiro	Santiago B	Cembedo	Hoxe 12:15h
X. Galega	Calasancio	V. Miñor B	Escolapios	Mañá 12:00h
C. Honra	Lugo	Dépor	Rguez Lago	Mañá 12:00h
C. Galega	Bergantiños	Villalbés	Carballo	Hoxe 16:30h
C. Galega	Viveiro A	Santiago B	Cembedo	Hoxe 16:45h
C. Galega	Estrada	Lugo B	A Estrada	Hoxe 12:00h
C. Galega	Calasancio	Valmiñor	Escolapios	Mañá 11:45h
I. Galega	CD Lugo	Ural	Rguez Lago	Hoxe 12:00h
I. Galega	11 Caballeros	Polvorín	A Coruña	Mañá 12:00h
I. Galega	Calasancio	Lérez	Escolapios	Hoxe 12:00h
Xuv. Aut.	Sagrado	P. Burela	Rguez Lago	Hoxe 16:00h
Xuv. Aut.	Ribadeo	Milagrosa	P. Barrera	Hoxe 12:15h
Xuv. Aut.	Residencia	Lourenzá	A Cheda	Hoxe 20:00h
Xuv. Aut.	Castro	Palas	M. Castro	Hoxe 18:00h
Cad. Aut.	Sagrado	Xove Lago	Rguez Lago	Hoxe 18:00h
Cad. Aut.	Sarriana	Milagrosa	Ribela	Mañá 12:00h
Cad. Aut.	Residencia	Ribadeo	A Cheda	Mañá 12:00h
Cad. Aut.	Castro	Polvorín	M. Castro	Hoxe 17:00h
Inf. Aut.	Piringalla	P. Burela	Rguez Lago	Hoxe 12:00h
Inf. Aut.	Ribadeo	Milagrosa B	P. Barrera	Hoxe 10:30h
Inf. Aut.	Residencia	Lugo B	A Cheda	Mañá 10:15h
Inf. Aut.	Villalbés A	Viveiro	Roca	Hoxe 11:00h



Un participante na proba da Medela disputada o ano pasado, unha das máis concorridas das que se celebran na Provincia | **Club Ciclista Medela**

A Medela acolle a “festa do enduro”

Uns 220 ciclistas participarán mañá na Ruta de Enduro organizada polo club ciclista Medela de Cervo. O monte da Medela é o escenario desta proba, singular polo seu carácter non competitivo. Os que a coñecen falan nas redes sociais da “festa do enduro” para referirse a esta cita ciclista, unha das máis concorridas das que se celebran na Provincia.

“Creemos que es la única ruta no competitiva que se organiza en Galicia y en Asturias de esta modalidade”, explica David Riera, membro do club. “Ahorramos dinero en arbitrajes y otros requisitos, y gracias a ello podemos rebajar el precio de las inscripciones”.

Os ciclistas reuniránse na Praza dos Campos de San Cibrao ás 9.30 h. para comezar a ruta. Desde alí, subirán ao circuito acondicionado pola organización, con catro tramos de descenso, e un desnivel acumulado de 1.300 metros. O percorrido inclúe dúas paradas para avituallamento.

As pendentes e os obstáculos naturais dos tramos son o principal atractivo desta modalidade todoterreo que require habilidades específicas por parte dos ciclistas, pero tamén de bicicletas adecuadas, cun bo recorrido de amortiguación e suspensión. “Una bicicleta básica cuesta unos 2.500 euros, y se cambian cada dos o tres años. Es una modalidad cara pero tenemos que pensar que la gente realmente aficionada apenas gasta dinero en salir o en ocio porque casi todo su tiempo libre lo dedica a esto”, comenta David Riera que, como aficionado á bici desde a adolescencia, como os resto de compoñentes do club, destaca o compañeirismo e a deportividade que se respira nas probas ciclistas, competitivas ou non.

O club comezou a organizar esta ruta en 2009, dous anos despois da súa creación na que se implicaron rapaces de Cervo, afeccionados á bicicleta e habituais do monte Medela. Na primeira edición, no medio do verán, apenas participa-

ron unha vintena de ciclistas, pero a convocatoria foi atraendo cada vez máis ciclistas ata superar a barreira dos douscentos inscritos. Esta é a terceira edición na que superan esa cifra. “Este año la ruta coincide con otras pruebas importantes en Vigo y en A Coruña que pensamos que podrían restarnos participación, pero ha sido al contrario. Estamos mejor comunicados con Asturias que con otras zonas de Galicia, como el sur de la Provincia, donde hay mucha afición a la bicicleta, así que muchos de los participantes son asturianos”

Mañá todo estará preparado para a ruta, pero o traballo dos organizadores vai moito máis aló dese día. “Durante el año dedicamos muchas horas a limpiar y acondicionar el circuito y los senderos de acceso”. Os tramos de descenso e as subidas pasan por terreos dunha comunidade de montes e doutras propiedades privadas, de aproveitamento forestal na

que a tala da madeira ou o crecemento natural da maleza vai deteriorando o percorrido. “Unos fin de semana salimos con la bicicleta, y otros nos toca limpiar”, explica David Riera que, xunto a outros membros do club, se ocupan destas tarefas. “Sin duda agradezco la colaboración de Victor Riera, Diego Ballesteros y Abel Ordas, que arriman el hombro todo el año para que esta ruta se haya convertido en una cita fija en el calendario de muchos endureros”. Nesta ocasión tiveron a colaboración do concello de Cervo para os últimos preparativos de cara a mañá.

A ruta transcende o estrictamente deportivo, xa que algúns dos máis de douscentos participantes chegan acompañados das súas familias, creando un ambiente festivo que se nota tamén nas rúas e nos establecementos hosteleros de San Cibrao durante toda a fin de semana.



Varios ciclistas coincidiendo nun punto da proba disputada o ano pasado na Medela | **Club Ciclista Medela**